

LARGA MARCHA CARA Á NEGOCIACIÓN DAS RETRIBUCIÓN

Hai máis de ano e medio empezouse unha negociación sobre retribucións na Universidade de Vigo, na que participamos o Xerente, daquela Xulio Taboada, unha representación da Xunta de Persoal e unha representación do Comité de Empresa, ámbalas dúas con presenza dos tres sindicatos representativos no PAS.

Xa entón consideramos que había tres áreas sobre as que traballar:

- Productividade
- Homologación laborais-funcionarios
- Acordo marco sobre cuestións económicas non estrictamente retributivas

As Leis de Presupostos do ano 2000 e posteriores permitían subidas salariais por enriba do 2% establecido, sempre que estiveran xustificadas por actuacións encamiñadas á aplicación efectiva de programas de calidade. Esta vinculación entre retribucións e calidade foi rexeitada polos compañeiros da CIG-Funcionarios, que optaron por abandonar a mesa.

En xuño de 2001, elaborouse un acta que resumía os acordos parciais acadados ata ese momento, deixando moi claro que ningún acordo parcial tería efectos ata chegar ó final da negociación, nun acordo global. O sentido desta cláusula era poder ir avanzando ideas sen compromiso e coa posibilidade de ir adaptando as diferentes contías a un acordo global definitivo.

En outubro de 2001 convócanse asembleas nas que se decide por unanimidade dos/das asistentes, entre outras cousas, non vincular retribucións e calidade. Incluso presentase un denso documento argumentativo ó respecto.

Loxicamente, isto paraliza a actividade da mesa de retribucións, que baseou parte da súa negociación en cambiar retribucións por planos da calidade. Non obstante, as negociacións sectoriais continúan. O persoal laboral acada un acordo sobre o I Convenio Colectivo do Persoal Laboral da Universidade de Vigo, que inclúe retribucións. Os compañeiros laborais entenden que, ante a previsible marcha de Xulio Taboada, compre pechar as longas negociacións que viñan levando a cabo, xa que non estaba garantida a súa continuidade cun novo Xerente. Os funcionarios, despois dun esforzo para acadar un consenso, elaboran un documento que establece unha relación entre retribucións e calidade. Esta vez si que foi aprobado en asemblea, so uns meses máis tarde que o rexeitamento anterior, e tamén practicamente por unanimidade (???).

En febreiro de 2002 prodúcese un cambio de Xerente. Abandona Xulio Taboada e queda Augusto Viso nunha especie de interinidade. Este “baleiro de poder” é aproveitado para buscar un “acordo ilexítimo” entre un membro do equipo de goberno e o Presidente da Xunta de Persoal, baseado nos acordos

da asemblea. E digo ilexítimo porque sempre entendemos, para o bo e para o malo, que os interlocutores válidos nas negociacións de cuestións de PAS funcionario son o Xerente e a Xunta de Persoal.

Coas eleccións a Rector consolídase a opción de Augusto Viso como Xerente, con carácter definitivo, e este, como xesto de boa vontade, ofrece un acordo para un incremento lineal nos específicos dos funcionarios por importe total de 30.000.000 de pesetas.

Como parte de acordo estableceuse a obriga da Xunta de Persoal de volver á mesa de retribucións, o que se produciu hai cousa dun mes. A situación actual é que existe, por parte da Xerencia unha boa vontade de negociación sobre retribucións, na Xunta de Persoal xa se repararon desencontros pasados e o Comité de Empresa segue tamén na mesa de negociación. Só unha leve sombra, consecuencia de cambios recentes na sección de PAS laboral da UXT (loxicamente o cambio dunha persoa que xa viviu as experiencias destes últimos meses en materia de negociación sobre retribucións por outra que entra de novas pode introducir algún desaxuste), cénese sobre a negociación.

Estamos, polo tanto, despois de meses de encontros e desencontros, de esforzos e de escaqueos, nun momento excelente para acadar un acordo sobre retribucións. Desde a nosa sección sindical facemos un chamamento para que TODOS fagamos o esforzo necesario para acadar un acordo sobre retribucións nun tempo prudencial (¿tal vez, antes de Nadal?).